

A DEVOCIÓN POPULAR AO SAN VITOIRO NA PROVINCIA DE LUGO.

Publicado en “Lucensia”, vol. XXI, 2011.

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

Non sempre é doado identificar os santos que se festexan en Galicia. Á primeira vista poderíamos pensar que os diversos santuarios galegos nos que se venera a san Vitorio, Vitoiro ou Vítores –tamén relacionado popularmente co nome de Vitor– fan referencia ó mesmo mártir que soterraran nas catacumbas romanas, cuxos restos chegaron á catedral compostelá en 1789 por doazón do Papa Pío VI ao cardeal Celada. Foi este –segundo recorda Bouza Álvarez– un influínte prelado que introduciu en Galicia o costume de favorecer unha institución relixiosa, fundación propia ou parroquia natal, dotándoa do corpo dun santo catacumbal durante os séculos XVIII e XIX.

Daquela, o traslado a Compostela do corpo deste santo fíxose con rigorosas garantías e pomposos rituais, nos que participaron as autoridades relixiosas e civís, os gremios cos seus pendóns e numerosa xente. Tras a procesión pola cidade, nunha preciosa furna, os restos de san Vitorio expuxéronse no altar maior do Apóstolo á veneración pública, por espazo de oito días, e logo se trasladaron á capela das reliquias, onde se reservou aquel corpo santo. Pero ese evento non tivo máis historia. En cambio, entre os diversos restos que, poucos anos despois, chegaron a Santiago dende Roma, xurdiron no país arraigadas devocións con multitudinarias romarías, coma as de san Campio ou santa Minia, ben porque se repartiron as súas reliquias nos lugares onde se honran, ou ben por conservar a memoria de prodixios que se lles atribúen.

O certo é que, conforme á documentación gardada en arquivos parroquiais e mesmo por informacións facilitadas por cregos dos santuarios onde se festexa tal advocación —tanto nas provincias de Lugo e da Coruña como na freguesía ourensá de Maside, da que é patrón— ese santo chamado Vitorio non é o do corpo do homónimo que se achegou á capela das reliquias da basílica compostelá.

En realidade, o santo honrado aquí con diversas romaxes, ó que me vou referir neste capítulo, foi outro mártir, natural de Cerezo, na diocese de Burgos, que probablemente viviu no primeiro terzo do século IX. A el se refire o P. Flórez,

salientando na súa haxiografía, entre outros extremos heroicos, que se retirou durante sete anos nunha cova en Oña, fuxindo das vaidades do mundo. Daquela os mouros puxeron sitio a Cerezo, cando era unha cidade grande, e un anxo aparecéuselle a Vitorio para pedirlle que librase a súa patria, e lograría así a palma do martirio. O seu sartego atópase nun pequeno convento da localidade onde naceu e o martirizaron, e dende alí se estendeu pronto a devoción ó santo por terras de Castela e Galicia, a través dos peregrinos que facían o Camiño de Santiago. Por iso, quizais, ó san Vitorio que se festexa na nosa terra téñeno, maiormente, por avogoso das enfermidades das articulacións, dos osos e mais da reuma.

Pois ben, o culto popular a este santo reflíctese, polo que respecta á provincia lucense, nas seguintes comunidades parroquiais que menciono deseguido:

1ª. SAN VICENTE DE CASTILLÓN (PANTÓN).

COORDENADAS U.T.M.

X: 612.711 Y: 4.710.403

1.1. LOCALIZACIÓN. TRAZOS ARTÍSTICOS. FESTIVIDADE

San Vicente de Castillón é unha freguesía rural, pertencente ao arciprestado de Pantón e á diocese de Lugo, que posúe vintetrés entidades de poboación. A efectos civís forma parte do concello de Pantón e da provincia de Lugo.

O San Vitoiro recibiu culto na capela da Hermida, da que non sen conservan restos, aproximadamente ata o ano 1880. Nesa data, o santo foi levado á igrexa parroquial de San Vicente de Castillón, sendo párroco D. José Eiras.

A igrexa, do século XVII, posúe unha nave e un arco triunfal de medio punto. Os seus muros son de sillar e, no seu interior, hai tres retábulos. No dereito, salomónico, de comezos do século XVIII, está a imaxe do San Vitoiro¹.

A festividade relixiosa adicada ao santo, celébrase o último sábado e domingo de agosto². Actualmente, a veneración ao santo quedou reducida á parroquia e ao concello

¹ RIELO CARBALLO, Nicanor: "Castillón (San Vicente). Pantón", en *Inventario Artístico de Lugo y provincia*. T. II. M.E.C., Madrid, 1975, páxs. 90-91.

de Pantón. Non embargantes, hai anos acudían devotos do Saviñao, Monforte, Sober, o Incio, Bóveda, Láncara, Lugo etc. Algúns, mesmo, viñan na véspera e dormían en casas da parroquia, paleiras, estábulos etc. Pola curta, onde podían.

1.2. DEVOCIÓN POPULAR.

O pedimento máis usual, tanto agora como denantes, está ligado ás doenzas reumáticas. Por tal motivo, os fieis cumpren cunha serie de promesas destinadas a pregar a axuda do santo ou agradecer o favor xa recibido.

En primeiro termo, participan na procesión, que vai ata un cruceiro, do século XVIII, onde se establece o límite entre as parroquias de San Vicente e Santiago de Castellón. Alí, a procesión dá volta e retorna cara á igrexa. A disposición dos seus elementos é como segue: Ao comezo vai unha freguesa da parroquia, portando a cruz parroquial; logo, as imaxes do San Roque e San Vitoiro, levadas indistintamente por devotos da parroquia, dámbolos dous sexos; e finalmente, os dous cregos que van oficiar a misa solemne e algúns fregueses, colocados sen distinción de idade e sexo.

Ao rematar a procesión, celébrase, námbolos dous días, a única misa que se leva a cabo no recinto sagrado, concelebrada por varios cregos. Antano, oficiábanse misas rezadas dende as dez da mañá ata a unha e media en que se celebraba a misa solemne.

Na actualidade, algúns devotos seguen realizando un “ritual de contacto”, consistente en pasar as súas mans pola imaxe dun San Vitoiro que se encontra colocada nunha mesa ao carón do muro lateral dereito da igrexa. Hoxe, xa non se “pón o santo”, mais, antano, un fregués da parroquia, que aínda vive, coñecido como “Turulas”, fretaba as costas dunha pequena imaxe do santo polas partes doentes de reuma dos seus devotos. Esa pequena imaxe, desaparecida hai uns anos, chegou a ter unha pequena parte das súas costas gastada de tanto fretar.

Hai anos, tamén se levaba a cabo “o ritual de cirvunvalación”, ao redor dunha imaxe do santo, case sempre de xeonllos e con candeas nas mans.

² No ano 2011 celebrouse os días 27 e 28 de agosto.

Con respecto ás ofrendas, mentres que nos tempos actuais os devotos aportan esmola en metálico, denantes tamén pagaban misas, que eran oficiadas no transcurso do ano.

Ao finalizar os actos relixiosos, comeza a dimensión profana da romaxe. Unha comisión formada por homes ou mulleres –ano 2005– ademais dos actos relixiosos, planifican unha serie de actividades profanas de cara á freguesía e ao exterior. Así, o venres, á noite, lévase a cabo unha pancetada no campo da festa, repartíndose varios kilos deste produto entre os asistentes, que unicamente teñen que pagar o viño. Así mesmo, as orquestras que tocan nestes días, son contratadas coa debida antelación polos ramistas, que tamén proporcionan un lugar axeitado para os postos de venda ambulantes e ás atraccións que acudan á festa.

Finalmente, o luns, oficiase no campo da festa, unha misa polos defuntos da parroquia. Logo, como remate das festas, celébrase outra nova edición da festa da orella. Os asistentes contribúen cunha cantidade simbólica para axudar aos gastos da mesma.

1.3. ILUSTRACIÓNS



RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE DO SAN VITOIRO.



REMUDAS DAS ANDAS NA PROCESIÓN. DO SAN VITOIRO.



IMAXES DE DEVOCIÓN. SAN VITORIO E SAN ROQUE

2ª. SANTA MARÍA DE SAA (POBRA DE BROLLÓN)

COORDENADAS U.T.M.

X: 636.370 Y: 4.710.403

2.1. LOCALIZACIÓN. PECULIARIDADES ARTÍSTICAS. LENDAS

Esta parroquia pertence desde o punto de vista relixioso ao arciprestado de Santalla de Rei, na diocese de Lugo e, a efectos civís, ao concello lucense de A Pobra de Brollón. Pois ben, no lugar do San Vitoiro, encontrase unha capela adicada ao mesmo santo.

O recinto sagrado foi restaurado na década dos oitenta do século pasado, polo organismo oficial do Icona. Posúe un pequeno pórtico á entrada, e unha soa nave que amosa unha cuberta de lousas a dúas augas. O seu interior está presidido por un retábulo actual, no que se encontran as imaxes do San Vitoiro, San Bartolomé e a de Sta. Catalina. Durante o ano, estas imaxes gárdanse nunha casa particular da comunidade parroquial.

Sobre a orixe desta capela cóntase a seguinte lenda:

“O San Vitoiro apareceu no cume da pena máis alta do lugar, que hoxe leva o seu nome. Entón, os fregueses dos barrios máis afastados da parroquia levábano en procesión ata a igrexa parroquial de Saa. Non embargantes, pouco tempo despois, o santo desaparecía da igrexa e aparecía de novo no cume da pena, e así, dunha maneira sucesiva, ata que comprobaron que o santo quería estar unido ó lugar. Polo tanto, decidiron construír lle unha capela nunha pequena campa, que hai por baixo da pena”³.

A motivación real da aparición do santo debeuse, dun xeito preferente, a que a igrexa parroquial de Saa ficaba lonxe dalgúns lugares da montaña. Por iso, os fregueses destes contornos decidiron, baseándose na aparición do santo, edificar un recinto sagrado nese lugar e, deste xeito, dispor dun acceso máis doado aos cultos relixiosos.

³ Reinterpretación dunha lenda existente na comunidade parroquial.

2.2. FESTIVIDADE E ORGANIZACIÓN.

A festividade do San Vitoiro celébrase o último sábado e domingo do mes de agosto⁴. Neses días chegan ao recinto sagrado fieis procedentes de diferentes parroquias do concello da Pobra, e algúns, os menos deles, do Courel e o Incio.

No obstante, antano e malia a dificultade dos accesos, acudían romeiros non só dos devanditos concellos, senón tamén de todo o Val de Lemos, Láncara, Sarria, etc. Como sucede con outros pequenos santuarios do interior galaico, o número de asistentes está a diminuír nos últimos anos debido a unha serie de factores: O avance dos medios de locomoción, o aumento do nivel cultural, a influencia dos medios de comunicación social, o acelerado proceso de urbanización etc.

Dende sempre, a festa do San Vitoiro foi organizada polos barrios de Covadelas, Forgas, Librón, Penadeixo, Pradelas, O Busto e Teixeira. Actualmente, hai moi poucos veciños nestas entidades de poboación, aínda que para a festa do santo acoden outros de diferentes puntos da xeografía galaica e, mesmo, de fóra.

Polo tanto, ademais da axuda permanente dos veciños destes barrios, colaboran, tamén, os romeiros que acoden á festa; as comunidades de montes e o concello, que aporta unha pequena axuda en metálico e, aínda por riba, se encarga da xestión do lixo, da brigada contra incendios e do servizo de protección civil.

2.3. PIEDADE POPULAR.

As peticións máis usuais dos fieis están ligadas coas doenzas reumáticas das persoas. Estas motivacións supoñen unha actitude de submisión ao santo, que é considerado como un importante mediador perante Deus. Para manifestar este sometemento ao poder sacro, os ofrecidos en xeral cumpren aquí, o mesmo que noutros santuarios romeiros, cunha serie de prácticas ritualizadas e destinadas a obter a axuda do San Vitoiro ou agradecer o don xa concedido.

Así, oen a misa solemne da unha da tarde, concelebrada polo párroco da freguesía e outros cregos de freguesías limítrofes. Ao finalizar a misa, participan na procesión, que

⁴ No ano 2011 celebrouse os días 27 e 28 de agosto.

percorre o campo da festa, para retornar de novo á capela. A súa disposición é semellante á do anterior centro romeiro, presentando como novidade o acompañamento dun grupo de gaiteiros ó remate da procesión

Outro ritual popular, que adoitan cumprir, é o de “poñer o santo”. *Carmen Valcárcel*, freguesa da parroquia, é a encargada de poñelo denantes da misa e logo de que remate a procesión. O xeito máis habitual é pasar unha pequena imaxe do santo dende a cabeza ata o ventre, agás se os devotos lle piden que llo pase tamén polas pernas por telas doentes de reuma⁵. Mentres leva a cabo o ritual, recita a seguinte xaculatoria:

***“Que el Señor / por medio de S. Vitorio, / te proteja y te conceda
la salud del alma / y del cuerpo. Amén”/***

Hai anos, o antigo párroco de Saa, e actualmente de Cereixa, poñía algunhas veces o santo, recitando a seguinte oración:

***“S. Vitorio glorioso, / por tu inmenso poder, /
bendice a este devoto / en cuerpo y alma. Amén”/***

Con respecto ás ofrendas, hoxe predomina a esmola en metálico, que os devotos adoitan entregar no intre de poñer o santo.

Ao rematar os oficios relixiosos, algúns devotos percorren os diferentes postos de venda ambulante, provistos de obxectos diversos, e beben algo no bar, situado no campo da festa.

Logo, achéganse ó espazo idílico, formado polos arroyos de Covadela e de Teixeira, onde nun lugar, previamente acoutado cunhas cintas, xantan cos seus familiares e amigos. Ó carón deste fermoso espacio encontrase –segundo Fernández Parada– “o covallo dos cregos”. Trátase dun penedo, no que hai unha cova; no seu interior, está colocada unha mesa de pedra, onde, antano, os cregos, que viñan a oficiar misas ao San Vitoiro, xantaban.

⁵ Informante: Carmen Valcárcel, freguesa da parroquia de Saa.

2.4. ILUSTRACIONES



RITUAL DE “POÑER O SANTO”. SANTO VITOIRO DE SAA.



RITUAL DA PROCESIÓN. SAN VITOIRO DE SAA.

SAN VITOIRO
-POBRA DO BROLLÓN-
FESTAS NA HONRA A SAN VITOIRO
OS DIAS 27 E 28 DE AGOSTO'05

Día 27
A partir das 12 da mañá Actuación dun
GRUPO DE GAITAS
á 1 do mediodía Misa Solemne e Procesión.
A partir das 7 do serán Festa amenizada polo
Grupo Folk Tradicional

OS CARUNCHOS
E o GRUPO **CEIBE**

Día 28
Durante o serán Festa amenizada polo DÚO
AMISTAD
no transcurso da Festa haberá
PANCETADA para os asistentes

Espectáculos
Espin 

C/ Ramón Cabanillas, 19
Monforte de Lemos - LUGO
Tlfns. 982 402 359 - 982 402 953
Fax 982 402 954 - Móvil 670 679 383
E-mail: espin@musicsoft.es
<http://www.musicsoft.es/espin>

CARTEL DAS FESTAS



***A “POÑENTE” PÁSALLE A IMAXE DO SANTO A UNHA DEVOTA
POLAS SÚAS PERNAS DOENTES.***

3ª SANTA MARÍA MAGDALENA DE BARALLA.

3.1. EMPRAZAMENTO. TRAZOS ARTÍSTICOS. FESTIVIDADE.

A parroquia pertence desde o punto de vista eclesiástico ao arciprestado de Neira de Xusá, da diocese de Lugo, e civilmente ao concello de Barralla, da provincia lucense.

A veneración ao San Vitoiro lévase a cabo na igrexa parroquial, de principios do século pasado, que posúe planta de cruz latina con dúas capelas laterais, precedidas por arcos de medio punto. A nave presenta un arco central de apoio da cuberta a dúas augas e uns contrafortes exteriores. O presbiterio, máis elevado que a nave, amosa unha cuberta a catro augas. A nivel decorativo, hai unha serie de retábulos sen valor algún. Un deles, neogótico, amosa unha escultura de San Vitoiro, do século pasado. Non embargantes, na sancristía, hai outra imaxe do santo, máis pequena e do século XVIII⁶.

A festividade do San Vitoiro celébrase tódolos anos o día 27 de agosto e os días máis próximos ao fin de semana. Nesas datas acoden ao recinto sagrado fieis procedentes dos municipios lucenses de Becerreá, O Corgo, Lugo, Navia, As Nogais, Pedrafita etc. Os devotos ofrécese normalmente por si mesmos, mais hai algúns casos nos que veñen en nome doutras persoas que, polas súas doenzas, non poden acudir ó santuario. Normalmente, o primeiro día da festividade adoita haber máis fieis que o segundo.

3.2. PETICIÓNS, RITUAIS E OFRENDAS.

As peticións máis usuais están vinculadas coas doenzas de ósos, fracturas... Polo tanto, os devotos veñen pregar á intercesión do santo ou ben a dar grazas no caso de que lles foran concedidos os favores pedidos con anterioridade. Tanto nun caso como noutro cumpren cunha serie de prácticas ritualizadas. Parte delas son as propias da liturxia oficial, mentres que hai algunha considerada como propia da relixiosidade popular.

Entre as primeiras están a de oír a misa solemne a primeiras horas da tarde e a de participar na procesión que segue a esta misa. A procesión, que percorre varias rúas da

⁶ VALIÑA SAMPEDRO, Elías: "Baralla", en *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. T.I., M.E.C. , Madrid, 1975, páxs. 175-177.

vila, levaba no 2005 a cruz parroquial en cabeza, e logo ían as catro imaxes que saen tódolos anos, a saber, as imaxes do San Antonio de Padua e María Madalena, portadas en cadansúa anda por devotas, e as do San Vitoiro, tanto o grande como o pequeno, levadas por devotos. Logo, os cregos concelebrantes e algúns fieis mesturados sin distinción de idade e sexo. Como remate, a comitiva contou con acompañamento musical.

Como prácticas populares, cómpre distinguir o “ritual de poñer o santo”. No transcurso da mañá e logo da procesión, o sancristán da freguesía, cunha imaxe pequena do santo, realiza unha cruz por riba da cabeza dos devotos, mentres pronuncia unha xaculatoria inintelixible para os oíntes. Ao remate, os fieis bican a imaxe e deixan unha esmola en metálico. O carácter inintelixible da oración radica no secretismo, que “os poñentes” deben gardar dende sempre. Segundo Reimóndez Gómez, sancristán da freguesía e poñente actual, díxonos que, xa dende pequeno, non recordaba que ningún fregués, incluído o crego, poidese acceder o seu coñecemento. Unicamente se transmitía ó seguinte “poñente” e así sucesivamente...

Por outra banda, os devotos deixan ofrendas, especialmente cartos e velas. Hai anos – segundo D. Antonio, crego de Baralla– traían de ofrenda exvotos de cera, representando ao corpo humano, total e parcialmente –brazos e pernas–, e tamén a animais.

Ao remate dos oficios relixiosos, moitos fregueses participan, tamén, da dimensión profana da festa. É o intre no que cos seus amigos e familiares máis achegados, percorren os diferentes postos de venda ambulantes; toman algunha bebida nalgún bar do feiral ou da vila; se cadra, proban o polbo nalgún dos postos instalados no campo da festa e, finalmente, van xantar cos seus invitados. Á noite, participan da verbena, ben bailando ou reparando como tocan as diferentes orquestras.

3.3. ILUSTRACIONES



IMAXES DE DEVOCION. SAN VITORIO, SAN ANTÓN DE PADUA, STA. MARÍA MADALENA, ADVOCACIÓN MARIANA.



RITUAL DE “POÑER O SANTO”



RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE DO SAN VITORIO



RITUAL PROCESIONAL

4ª O SALVADOR DE DAMIL (BEGONTE)

COORDENADAS U.T.M.

X: 613.631. Y: 4.779.260

4.1. LOCALIZACIÓN. DATOS ARTÍSTICOS. FESTIVIDADE.

A freguesía de Damil é un anexo da parroquia de Felmil. Dende o punto de vista eclesiástico pertence ao arciprestado de Trobo, da diocese de Mondoñedo–O Ferrol, e civilmente ao concello lucense de Begonte e a provincia de Lugo.

O culto ao San Vitoiro lévase a cabo nunha sinxela capela, situada na devandita freguesía. O recinto sagrado posúe un portico sostido por dúas columnas de cemento e dous piares de granito, unha nave cuberta de madeira e unha capela maior a catro augas.

No seu interior hai un retábulo neogótico con dúas imaxes: a do San Vitoiro e unha Virxe, construída por Celestino Pichín, fregués de Damil⁷.

A festividade do santo conmemórase o sábado e o domingo máis próximos ao 14 de maio. Neses días acoden devotos, dun xeito preferente, da freguesía de Damil e doutras próximas, como Arcillá, Felmil, Rábade, Saavedra, Támoga, Trobo, pertencentes ós concellos de Begonte, Cospeito e Rábade. Antano, viñan fieis de comunidades máis lonxanas, pertencentes ós concellos devanditos e a outros, como Castro de Rei, Lugo, Outeiro de Rei, Vilalba etc.

4.2. LENDAS E CANTIGAS SOBRE O SANTUARIO.

Por medio dunha serie de lendas, a comunidade parroquial tenta dar unha explicación da orixe do santuario; da fonte do santo; da curación da sarna; e da oposición veciñal que houbo ao traslado da imaxe do San Vitoiro dende a capela á igrexa parroquial.

⁷ GONZÁLEZ REBOREDO, X. M: “Damil. Begonte. Capilla de San Victorio”, en *Inventario Artístico de Lugo y provincia*, T. II, M.E.C. Madrid, 1975, páxs. 284-285.

1ª Lenda. *"Cando o San. Vitorio chegou a este lugar, sentiuse doente, cheo de sarna e ampolas, morrendo pouco despois. Mais antes de que ocorrese este feito pediu que lle construísen alí unha ermida..."*

2ª Lenda. *"O San Vitorio pequeno era leñador e tiña a sarna; polo tanto non podía crecer. Despois de que se lavou na fonte, recuperou a saúde e creceu, aparecendo logo o S. Vitorio máis grande".*

3ª Lenda. *"Hai moitos anos, un crego que atendía á capela do San Vitorio, vendeu as pólas duns carballos centenarios que había a carón do santuario, morrendo ó pouco cheo de sarna".*

A súa forma oposta é a seguinte. *"...o crego arrepentido polo que fixera pediu perdón, aparecendo a carón da capela unha fonte, onde puido curar a sarna".*

4ª Lenda. *"Hai anos o párroco destes lugares trasladou ó San. Vitorio para a igrexa parroquial no interior dunha carroza, mais as seis da mañá apareceu de novo o santo na capela" ⁸.*

Sobre este santo, hai unha cantiga, nacida nesta comunidade, que tivo unha gran sona en moitas comunidades da Terra Chá.

*"É San Vitorio un santo máis, / pero un santo pequeniño,
acunado cada noite, / polas augas do río Miño".*

4.3. PETICIÓNS, RITUAIS E OFRENDAS.

Os devotos acoden, consonte é habitual, ao recinto sagrado para pregar ó santo a concesión dalgunha petición ou como agradecemento por un favor recibido. Noutroora, adoitaban encomendarse a San Vitoiro as persoas que ían facer o servizo militar e as que tiñan a sarna. No momento actual as peticións máis usuais están relacionadas coas doenzas da pel –eccemas, espullas...–, mais tamén cos males dos animais, dun xeito preferente, o gando bovino e porcino.

⁸ Reinterpretación básica dunha serie de lendas aínda enraizadas na comunidade parroquial de Damil e outras próximas.

Polo tanto, os romeiros, tanto veñan nunha actitude de agradecemento como de súplica, cumpren cunha serie de rituais, vencellados co interior e o exterior do santuario.

En canto ós primeiros, oen a misa solemne, que se oficia á unha e media da tarde, e “poñen o santo”.

O ritual de “poñer o santo” consiste en que un fregués da comunidade parroquial pasa unha pequena imaxe do santo por riba da cabeza dos fieis, mentres recita a seguinte jaculatoria.

***“San Vitorio glorioso, / por tu poder inmenso,
ayuda a este devoto, / en salud, alma y cuerpo. Amén”.***

Ademais, algúns devotos tocan a imaxe do santo cos seus panos e logo pásanos por aquelas partes doentes de candanseu corpo cunha finalidade curativa.

Con respecto ós segundos, participan na procesión e realizan “o ritual da fonte”.

Ao rematar a misa solemne, saen en procesión as imaxes da Virxe e do San Vitoiro, que percorren o perímetro do santuario, levadas nas andas por devotos dábmbolos dous sexos. Precedendo as imaxes de devoción, adoitaba ir unha pequena da freguesía cun ramo de flores, que era a ofrenda que a comunidade de Damil realizaba ao santo. Antano, ao finalizar a procesión, a persoa que collía o ramo comprometíase a facer a festa do ano seguinte.

Preto do santuario hai unha fonte, onde algúns devotos realizan un ritual que consta de dúas partes:

1ª. Ao comezo, os romeiros, lavan cuns panos as doenzas da pel, a saber, eccemas, verrugas...

2ª. Logo, deixan os panos pendurados dunhas árbores. Hai a crenza de que axiña que os panos van podrecendo, as enfermidades das persoas, tamén, van desaparecendo.

En canto ás ofrendas, antano, os devotos traíanlle ao santo candeas da súa mesma altura e, tamén, exvotos de cera, que representaban a unha serie de animais, como porcos e cochos, así como ao corpo humano total ou parcialmente. No ano 1986, un devoto de Lugo doou dous floreiros cunha inscrición de prata, na que figuraba o seu nome e a data na que os ofreceu: 14–maio–1986. Na actualidade, os fieis ofrecen esmolos en metálico, algunhas misas e ramos de flores.

4.4. ILUSTRACIONES



DEVOTOS NA CAPELA DO SAN VITORIO DE DAMIL (BEGONTE).



RITUAL DE “POÑER O SANTO”



RITUAL DA FONTE DO SAN VITORIO DE DAMIL



IMAXES DE DEVOCIÓN. ADVOCACIÓN MARIANA E SAN VITORIO

5ª. SAN VITORIO DE RIBAS DE MIÑO (O SAVIÑAO).

COORDENADAS U.T.M.

X: 605.874 Y: 4.724.298

Esta freguesía pertence, desde a óptica relixiosa, ao arciprestado de O Saviñao, da diocese de Lugo, e, a efectos civís, ao concello de Escairón, que forma parte da provincia de Lugo.

A veneración ao San Vitoiro levase a cabo na igrexa parroquial, que é de estilo románico do último cuarto do século XII, que consta de nave e ábsida rectangulares, con arco triunfal de medio punto e columnas salomónicas. Trátase dunha das parroquias máis ricas da comarca no axuar litúrxico, e mesmo no arquivo e biblioteca. Unha das súas xoias é a cruz parroquial de prata, de estilo rococó; tamén unha custodia en ouro e prata do século XIX; e un incensario e naveta de prata do século XVIII etc.⁹

No ano 2011 celebrouse a súa festa patronal o sábado 26 de marzo. Pola mañá oficiáronse misas na honra do santo, e os devotos realizaron diferentes rituais de contacto coa imaxe de devoción: “Poñer o Santo”, tocar coas súas mans a imaxe de devoción e participar na procesión¹⁰. Tamén deixaron algunha esmola en metálico nas boetas existentes no interior da igrexa, ou no intre no que o sancristán pasaba “o caixón das esmolos” entre os asistentes ao oficio relixioso¹¹.

⁹ Rielo Carballo, Nicanor: “Ribas do Miño (San Vitorio). Saviñao”, en *Inventario Artístico de Lugo y provincia*. T. V. M.D.C. Madrid, 1983, páxs. 373-374.

¹⁰ A dinámica dos rituais era a mesma que a dos demais recintos sagrados.

¹¹ Isto facíase logo da comunión.

6ª. SANTA EUFEMIA DE VILARMOSTEIRO (O PÁRAMO).

COORDENADAS U.T.M.

A: 622.508 Y: 4.744.224

Esta freguesía pertence desde o punto de vista eclesiástico ao arciprestado de O Páramo e a diocese de Lugo, e civilmente ao concello de O Parámo, da provincia de Lugo.

O culto ao San Vitoiro realízase na igrexa parroquial, de tradición románica, que conserva a ábsida rectangular cunha bóveda de canón apuntada. Posúe un retábulo barroco, de estípites e columnas salomónicas.

A festividade do San Vitoiro foi instaurada polo párroco de Vilarmosteiro, D. Juan Benito Quiroga, a finais do século XIX, chegando a superar en auxe ao Santo Cristo de Goián. Nos últimos anos a asociación veciñal “Lares Unidos”, organiza os días 27 e 28 de Agosto tanto a festividade relixiosa como a profana. En canto á festividade relixiosa cómpre distinguir as misas na honra do santo, os rituais de contacto coa imaxe, o ritual de “poñer o santo” coa imaxe pequena do San Vitoiro, e finalmente a procesión, na que saen diferentes imaxes de devoción como a Virxe das Victorias e Sta. Eufemia, levadas nas andas por mulleres, e San Vitoiro, levado por homes. Polo que respecta as ofrendas, hai que distinguir a esmola en metálico, que se introduce nunha das boetas da igrexa ou ben daselle ao sancristán cando se oficia a misa. Finalmente, a festa profana celébrase no campo da feira do Páramo, onde orquestras variadas deleitan aos asistentes ambos os dous días.

7. ALGUNHAS INTERPRETACIÓNS SOBRE ESTE CULTO POPULAR.

O culto popular ao Santo Vitoiro de Saa (A Pobra) e de Damil (Begonte), están ligados a lendas nas que se fai referencia á manifestación das imaxes do San Vitoiro na súa situación actual. Estes lugares, emprazados no campo, no monte e alonxados das poboacións, foron valorados como lugares de culto por medio da lenda. Esta posúe un

valor de conformidade que non podería ser discutido sen cuestionar ao mesmo tempo a credibilidade da comunidade. Polo tanto, –segundo *Honorario Velasco*– a comunidade convértese en testemuña comprometida dunha verdade de fe local particularizada.

Por outra banda, o territorio de graza dalgúns recintos sagrados, como os de Castillón, Damil e Saa, foi variando co tempo, ata quedar reducido a un ámbito municipal. Pola contra, o de Baralla, pese a notar un descenso de fieis, ocorre que a súa influencia é máis extensiva que a dos anteriores, xa que abrangue a concellos próximos.

Nestes espazos sagrados hai unha serie de rituais de contacto, como “poñer o santo” e pasar as mans e panos polas imaxes de devoción. Por medio destes, os devotos confían en sandar as súas doenzas debido a que se establece unha importante relación comunicativa, baseada en signos lingüísticos e corporais, encamiñados a acadar un efecto benéfico.

Ademais, a dimensión sacra transmítese ao exterior xa dun xeito directo, por medio da procesión, xa a través de elementos naturais como a agua das fontes. Námbolos dous casos, o efecto salutífero é patente. A única diferenza é que mentres o primeiro é case común a tódolos santuarios, o segundo, pola contra, só é visible na comunidade parroquial de Damil, onde algunhas doenzas relacionadas coa pel e os ollos quedan curadas.

Nesta comunidade existe a crenza de que a medida que os panos vaian podrecendo ao carón da fonte, as doenzas das persoas iran erradicándose. Trátase dun ritual baseado na analoxía, xa que a descomposición dos panos configura un símbolo de destrución.

Así mesmo, o contacto coa auga en Damil implica sempre unha rexeneración non só porque a disolución vai seguida dun novo nacemento, senón tamén porque a inmersión fertiliza e multiplica o potencial de vida.

Respecto ás comunidades parroquiais de Baralla e San Vitoiro de Ribas de Miño (O Saviñao), o santo actúa como santo patrón, e polo tanto propicia un sentido cívico comunitario, que queda reflectido en momentos de crise da comunidade como doenzas, defuncións e todo tipo de problemas que poidan afectar á parroquia no seu conxunto.

No obstante, o santo posúe, tamén, unha área de influencia sobre o exterior. Esta maniféstase en canto a súa operatividade, reflectida nas curacións e solucións de problemas que foi levando a cabo ao longo da súa historia.

Por outra banda, cómpre advertir que as celebracións relixiosas nos referidos recintos sagrados compléméntanse case sempre cunha dimensión laica e profana na que os fieis en xeral disfrutan dun tempo de lecer; mercan productos de diferente índole, entre os que hai que salientar as rosquillas; xantan unhas racións de polbo; e atenden, nas casas de seu, aos invitados cun bo xantar. Logo, á noite, é o tempo para bailar unhas pezas.

Finalmente, a desagrarización destas comunidades, fenómeno que podemos transpolar a case toda Galicia, vai levando paseniño ao abandono dunha relixiosidade ligada a un tipo concreto de sociedade. Mais, sempre seguiran existindo pervivencias desta relixiosidade dende o intre en que as doenzas coas que se acode aos santuarios teñen un carácter xeral, e, ademais, a tecnoloxía médica aínda non é capaz de solucionar todos os males.

8. OUTROS CULTOS A SAN VITORIO, CERCANOS Á PROVINCIA DE LUGO.

8.1. SAN VITORIO DE GRIXALBA (SOBRADO DOS MONXES)

Tamén preto do chamado Camiño francés encóntrase outra capela onde se venera á mesmo mártir burgalés, no lugar de Codesoso do Monte, da parroquia de Grixalba, pertencente ó arceprelado de Sobrado, na diocese de Santiago de Compostela e, a efectos civís, no concello coruñés de Sobrado.

En 2005 a festividade do san Vitorio celebrouse aquí o 14 de maio. Como tódolos anos, acudiron ó santuario devotos procedentes dalgunhas comunidades parroquiais pertencentes, maiormente, ós concellos de Boimorto, Curtis, Melide, Toques e Vilasantar, da provincia da Coruña, así como dalgunhas parroquias dos concellos lucenses de Friol e Guitiriz.

*** *MOTIVACIÓNS E PROMESAS.***

As peticións máis usuais adoitan ser por doenzas das persoas, ligadas con afeccións da pel e da vista, mais tamén cos males dos animais. Antano, os labregos traían ó santuario o gando equino e vacún, e o crego encargado do recinto sacro impartía-lles a bendición. Na actualidade esta práctica desapareceu, aínda que non sucede o mesmo coas intencións dos romeiros, que seguen sendo as mesmas.

Por outra banda, as motivacións dos fieis supoñen unha actitude de submisión ao santo, que é considerado como un importante mediador perante Deus. Para manifestar esa subxección ao poder sacro, os ofrecidos levan a cabo unha serie de rituais encamiñados a pregar a intercesión do san Vitorio ou mostrar gratitude polo don xa recibido. Así, oen unha das misas que se ofician á mañá, ó mediodía e a primeiras horas da tarde; logo, participan na procesión que percorre o perímetro da capela; poñen o santo, denantes ou logo da procesión, e realizan o “ritual da fonte”, situada preto do adro. Alí, algúns devotos lavan aquelas partes doentes dos seus corpos, como verrugas, ollos con proídos etc. A auga desta fonte é boa tamén, segundo Fidalgo Santamariña, para levedecer a masa para a fornada do pan.

O mesmo que nos casos anteriores, os devotos deixan ofrendas, especialmente cartos. Así mesmo, algúns fieis seguen a facer ofrendas en especie, como cacheiras, lacóns, linguas e unllas do porco, que ó rematar os oficios relixiosos son poxados por un fregués da parroquia.

8.2. SAN VITORIO DE CAMBÁS

O santuario está situado no barrio dos Cainzos, na parroquia de Cambás que dende o punto de vista eclesiástico pertence ó arciprestado de Pruzos, da diocese de Santiago de Compostela, e civilmente está no concello de Aranga, da provincia coruñesa.

A festividade do santo conmemórase o domingo máis próximo ó 14 de maio. Ese día a misa parroquial celébrase na capela, e acoden a ela non só fregueses de Cambás, senón tamén doutras comunidades parroquiais pertencentes ós concellos coruñeses de Irixoa e Monfero, e ó lucense de Guitiriz, que achega devotos das freguesías de Buriz, Labrada e Os Vilares.

Os romeiros veñen ao recinto sagrado, consonte é habitual, para pregarlle ó santo a concesión dalgunha petición ligada normalmente con doenzas humanas, ou como agradecemento por un favor recibido. En consecuencia, realizan unha serie de promesas, oen a misa solemne, que se oficia a primeiras horas da tarde; participan na procesión, que percorre o perímetro da capela; póñenlles o santo e tocan panos de man na imaxe.

Como nos casos anteriores, os fieis deixan ofrendas, especialmente en cartos. As doazóns en especie, que hai anos eran abondosas, desapareceron case totalmente nestes últimos tempos.

9. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, Lugo: Deputación provincial, 1993, páxs. 205.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación provincial, 1996, páxs. 172, 183, 186.

CASTRO LÓPEZ, Ramón. *Reseña histórico descriptiva de la parroquia de Vilar de Ortelle y su comarca*, Lugo: Servicio de Publicaciones Diputación Provincial. Ed. Facsímil, 2000, pág. 91.

ELIADE, Mircea. *Lo sagrado y lo profano*, Barcelona: Ed. Labor, 1967, pág. 112.

GONZÁLEZ REBOREDO, J.M. “ DAMIL. Begonte. Capilla de San Victorio”, *en Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. II. Servicio de Publicaciones del M.E.C., Madrid, 1975, páxs. 284–285.

RIELO CARBALLO, Nicanor. “ CASTILLÓN (San Vicente). Pantón”, *en Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. II. Servicio de Publicaciones del M.E.C., Madrid, 1975, páxs. 90–91.

VALIÑA SAMPEDRO, Elías. “BARALLA”, *en Inventario artístico de Lugo y su provincia*, t. I. Servicio de Publicaciones del M.E.C., Madrid, 1975, páxs. 176–177.